

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020258	IES Nº 1	A Estrada	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	1º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	28
4.2. Materiais e recursos didácticos	30
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	31
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	31
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	33
6. Medidas de atención á diversidade	33
7.1. Concreción dos elementos transversais	34
7.2. Actividades complementarias	36
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	36
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	38
9. Outros apartados	39

## 1. Introducción

Esta programación, en todos os seus aspectos, pero particularmente no referente a contidos mínimos impartidos e esixidos, a temporalizacións e a alternativas de avaliación e cálculo de cualificacións pode sufrir modificacións dependendo en cada caso das circunstancias xerais e mesmo particulares de cada momento e de cada alumno/a ou grupo de alumnado.

Como características e recursos relevantes para a nosa programación destacamos:

- O IES Nº 1 da Estrada conta con alumnado procedente da zona rural, maioritariamente galegofalante, procedente dos seguintes centros adscritos: CEIP Plurilingüe de Oca, CEIP do Foxo, CEIP Manuel Villar Paramá (Vea) e CEIP Cabada Vázquez (Codeseda). A el súmase unha porcentaxe baixa de alumnado da vila.

- Nos últimos cursos estase apreciando un descenso, lixeiro pero constante, no uso do galego no alumnado que chega ao centro, en sintonía coa desgaleguización xeralizada das novas xeracións no noso país. Con todo, o alumnado, tamén o instalado habitualmente en castelán, presenta polo xeral un bo dominio do idioma, aínda que moi ligado aos usos informais e orais.

- Crecente diversidade social, cultural e lingüística do alumnado debido á chegada de rapaces e rapazas de fóra de Galicia, mínima en comparación con outros centros de perfil máis urbano. Este alumnado está exento da materia de Lingua Galega e recibe apoio individualizado para favorecer un coñecemento progresivo nas linguas oficiais.

- A maioría do alumnado desprázase diariamente en transporte escolar, feito que condiciona e limita as posibilidades da súa formación: non teñen acceso fácil ás bibliotecas públicas, ao cinema, ao teatro ou a outras actividades culturais que se realizan na vila. Esta circunstancia tamén dificulta poder organizar actividades fóra do horario lectivo. Con todo, unha parte do alumnado participa nas actividades dos Clubs de Lectura, do EDLG, do Teatro, etc., equipos en que colabora activamente o noso Departamento.

As nosas decisións programáticas obedecen ao obxectivo educativo e social de consolidar falantes estendendo a súa competencia aos usos cultos e formais da lingua, tanto na oralidade como na escrita, así como mellorar as súas actitudes, pois os prexuízos lingüísticos seguen presentes en maior ou menor medida. Neste sentido, a materia de Lingua Galega en 1º de ESO avanza as liñas dos cursos seguintes da etapa.

Por unha banda, preténdese mellorar a súa eficacia na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal, e pola outra, favorecer un uso ético da linguaxe. Tendo en conta que na aprendizaxe das linguas o alumnado ten que acadar uns coñecementos previos antes de continuar aprendendo, os contidos deste nivel non son significativamente diferentes aos de cursos anteriores, senón que a diferenza radica no grao de profundidade coa que son tratados.

Os criterios de avaliación e os contidos distribúense en catro bloques.

1.- «As linguas e os seus falantes» recolle diferentes aspectos sociolingüísticos, facendo fincapé na diversidade lingüística e no desenvolvemento dunha actitude de respecto e aprecio pola lingua, carente de prexuízos de índole idiomática.

2.- «Comunicación» abarca os saberes implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional e mediática.

3.- «Educación literaria» procura consolidar o hábito lector do alumnado e incrementar a súa capacidade para interpretar textos literarios.

4.- «Reflexión sobre a lingua» pretende acometer a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación.

En consonancia cos contidos sociolingüísticos do Bloque 1, mais con implicacións directas nos outros, é preciso destacar a incorporación de nocións básicas das linguas peninsulares, nomeadamente do portugués, que se oferta como 2ª Lingua Estranxeira en 1º, 2º e 3º ESO no noso centro.

Por outra banda, a escolla das obras de lectura obrigatoria propostas para cada trimestre obedece aos seguintes criterios que se lles

aplican ás obras que se len ao longo da etapa:

-A inclusión de obras representativas do noso corpus literario.

-A inclusión de autoras e autores con obra salientable.

-A inclusión de temáticas actualizadas e atractivas para o noso alumnado que promovan a defensa de valores socioculturais e éticos (igualdade, dereitos humanos, benestar animal, conciencia ambiental...).

-A non repetición de temas.

-A presenza de diferentes xéneros ao longo da etapa.

O programa de lecturas escollidas inclúe, alén de títulos optativos que poidan responder aos diferentes intereses e á bagaxe lectora dos estudantes, estas obras: 'Chamádeme Simbad' (1ºT), 'A lenda de Sally Jones' (2ºT) e unha obra teatral por determinar (3ºT).

Nesta proposta didáctica de 1º de ESO os catro bloques concréntanse en nove unidades didácticas, que parten dun texto literario ou non literario para traballar a comprensión lectora, o coñecemento de léxico, a tipoloxía textual,

aspectos morfosintácticos e ortográficos de repaso ou ampliación e tarefas de expresión escrita e oral. Ademais, nas dúas primeiras unidades de cada trimestre trataranse contidos dos catro bloques, mentres que na última de cada un deles se desenvolverá un proxecto didáctico sobre un tema relevante deste nivel:

- 1º trimestre: achegamento lingüístico e sociocultural á Lusofonía.

- 2º trimestre: comprensión, análise crítica e produción de textos propios dos medios de comunicación, das redes sociais e da publicidade, especialmente no que garda relación co desenvolvemento crítico da personalidade a estas idades.

- 3º trimestre: desenvolvemento de destrezas orais ligadas á creatividade artística tales como a representación teatral, a historia contada, o recitado, a videocreación, o sonograma, a dramatización/radionovela, etc.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Unidade 1: Hai alguén aí?	Esta primeira unidade serviranos para avaliar inicialmente o alumnado. Ademais, introducirase no coñecemento da variedade lingüística do mundo e as familias lingüísticas, prestando atención á nosa familia lingüística. Tamén estudaremos os diferentes tipos de signos e as súas partes, o que nos permitirá unha primeira aproximación á fonética e á súa representación (o alfabeto galego). Diferenciaremos grafía, dígrafo, fonema e ordenaremos alfabeticamente. A partir da lectura inicial, "A lingua das bolboretas", procuraremos o significado de palabras nos dicionarios, analizaremos os diferentes tipos de dicionarios e a información neles contida. Así mesmo, Introduciremos os conceptos de campo semántico e familia léxica, xunto coa polisemia, e coñeceremos o traballaremos o vocabulario da aula e o IES. A respecto dos contidos literarios, analizarase a forma e o contido do libro de lectura obrigatoria do trimestre. A avaliación inicial realizarase os primeiros días do curso.	10	13	X		
2	Unidade 2: Historias de ida e volta	Nesta unidade compararemos a lingua oral fronte á escrita así como o concepto de comunicación (verbal e non verbal) e os elementos que participan nela. O alumnado elaborará presentacións orais, polo que introduciremos os trazos principais da exposición: as súas fases e os elementos que debe posuír. O alumnado realizará unha exposición ante o grupo a través dos seus obxectos persoais imprescindibles (tarefa "O metro cadrado"). En relación ás clases de palabras, veremos o xénero e número de substantivos e a súa clasificación semántica. Ademais, repasaremos a acentuación (regras xerais, ditongos, tritongos e hiatos). A partir da lectura "Khoedi" e de textos expositivos, realizaranse actividades de subliñado, resumo e esquematización. En relación á sociolingüística, aproximaremos ao coñecemento e valoración das linguas de	10	13	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Unidade 2: Historias de ida e volta	Europa, en especial, á familia románica. Participación no Día da Biblioteca.	10	13	X		
3	Unidade 3: Somos diferentes, somos iguais	Esta unidade comeza coa lectura "Ser superheroe non é nada fácil", que dá entrada ao adxectivo, á acentuación diacrítica e especial e ás relacións semánticas da sinonimia e a antonimia, así como as interferencias lingüísticas (castelanismos). No tocante aos xéneros discursivos, analizaranse secuencias narrativas, que apoiarán a comparación entre textos literarios e non literarios. Por outra banda, profundaremos na diversidade lingüística existente na Península Ibérica. O alumnado investigará sobre as diferentes linguas do estado e a Lusofonía. Así mesmo, traballaranse os prexuízos lingüísticos ligados aos prexuízos raciais, culturais, de xénero que persisten na nosa sociedade. Empregaremos textos de diferentes formatos e tipos, fotografías, documentos audiovisuais etc. para que o alumnado entenda que son os prexuízos e como funcionan co obxectivo de que os detecten nas súas vidas e desenvolvan un pensamento crítico diante deles.	10	15	X		
4	Unidade 4: Os trazos importantes	Nesta unidade porase o foco nas secuencias textuais descritivas (tipos e características) a partir da lectura inicial "Rutie, a de Edna" e outros textos. Aproveitarase o estudo da descrición para afondar en cuestións da lingua escrita (emprego de b/v), de léxico (o corpo humano, o coidado e a hixiene persoal) e o artigo, os demostrativos e os posesivos. Redactaranse descricións de persoas da familia do alumnado ou persoas da dúa contorna. A respecto dos contidos literarios, analizarase a forma e o contido do libro de lectura obrigatoria do trimestre.	10	10		X	
5	Unidade 5: Contos por palabras	Esta unidade reforzará as secuencias textuais narrativas (elementos da narración) e descritivas (obxectos, lugares, elementos da natureza e animais). Redactaranse descricións dun espazo/lugar e das rotinas diarias a partir do achegamento ao léxico das accións habituais e as tarefas domésticas. Neste trimestre o alumnado elaborará presentacións orais a partir da tarefa "Sete días, sete fotos en branco e negro da miña vida". Aproveitarase o estudo deste tipo de textos para afondar no emprego dos signos de puntuación básicos (punto, coma e dous puntos), a ortografía	10	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Unidade 5: Contos por palabras	do H e os determinantes identificadores e cuantificadores. Participación no Día de Rosalía e no 8M.	10	10		X	
6	Unidade 6: A poesía non morde	Nesta unidade analizaranse as principais características da poesía culta e da popular (rima, estrofas, recursos estilísticos, regueifas). Realizarase un obradoiro de poesía: lectura de haikus, romances, cantigas, romances, poesía actual, poesía visual...; xogos de creación colectiva; e escrita individual dun poema e presentación en formato visual (recitado). Aproveitarase para analizar a forma e o contido do libro de lectura obrigatoria do trimestre (poesía). As secuencias poéticas permitirannos analizar a forma e o emprego de pronomes. Tamén se repasará o uso do S e do X.	10	8		X	
7	Unidade 7: Procúranse reporteiros/as	Nesta unidade imos traballar a produción textual e a procura de información en diversos soportes. Centrarémonos nos textos xornalísticos, concretamente na noticia, coñecendo a súa estrutura e claves. Traballarase con textos do ámbito xornalístico e coas fontes de información introducindo ao alumnado na análise crítica das fontes para distinguir a información fiable da non fiable. Desta volta, o alumnado elaborará presentacións orais sobre algún tema de actualidade, que deberá investigar. A través desta secuencia textual, traballarase tamén os mecanismos de cohesión a partir da sintaxe da cláusula simple e o verbo. Tamén se repasarán cuestións da lingua escrita ("cc/ct" e "ct/t").	15	15			X
8	Unidade 8: Moita sorte!	Na sexta unidade veranse contidos relacionados coas variedades sociais e situacionais da lingua. O coñecemento e a identificación de variantes dialectais propias e alleas será o punto de partida para desterrar posibles prexuízos do alumnado e reflexionar sobre a riqueza lingüística do galego. O estudo das palabras invariables (adverbio, preposición e conxunción) completará o traballo co verbo irregular e os mecanismos de cohesión. Por último, porase o foco nas secuencias textuais instrutivas (instrucións dun xogo), permitíndonos este tipo de textos traballar tamén cuestións relacionadas coa lingua escrita (outros signos de puntuación).	15	12			X
9	Unidade 9: A nosa opinión conta	O alumnado investigará por grupos diferentes temáticas de interese educativo,	10	9			X



UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Unidade 9: A nosa opinión conta	da súa contorna ou máis xerais. Coa información que obteña terá que realizar un guión para un programa radiofónico, que se poderá gravar e editar co programa Audacity, e que poderá incorporar dramatizacións, faladoiros, reportaxes e entrevistas nas que se aborden con seguinte crítico as temáticas analizadas. A respecto dos contidos literarios, centrarase no xénero teatral, coñecendo as súas características en contraposición cos xéneros vistos. O alumnado interpretará breves textos dramáticos en grupo.	10	9			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Unidade 1: Hai alguén aí?	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Enumera algunhas linguas da familia románica, localízalas nun mapa e coñece datos sobre a súa orixe.	PE	70
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado define bilingüismo e multilingüismo.		
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Identifica o tema e as ideas principais dun texto.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Sabe soletrear os grafemas e os dígrafos do galego. Coñece os fonemas do galego e a súa representación. Tamén sabe ordenar alfabeticamente as palabras.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado identifica, nun texto dado, palabras dun campo semántico e diferéncias dunha familia léxica, así como manexar un dicionario de consulta, as partes dunha acepción e as palabras polisémica.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado, en grupos de catro alumnas/os, participa activamente, respectando a quenda de palabra, con boa actitude e cortesía lingüística, nunha conversa sobre o inicio de curso e o instituto.	TI	30
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprende o sentido global (información relevante, intencionalidade...) do libro de lectura obrigatoria do trimestre.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúde e despedida, agradecemento e des-culpa.</li> <li>- Iniciación á reflexión interlingüística.</li> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).</li> <li>- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Unidade 2: Historias de ida e volta	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Enumera algunhas linguas da familia románica e outras dentro de Europa.	PE	70
CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado, logo de subliñar as ideas principais dun texto, redacta un resumo da información máis salientable e elabora un esquema dos contidos tratados.		
CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado identifica, nunha conversa ou entrevista gravada, os principais elementos do feito comunicativo (emisor, receptor...).		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado coñece e sabe distinguir os trazos diferenciais entre a lingua oral e a lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. Tamén sabe aplicar correctamente as regras de acentuación básicas e en ditongos e hiatos.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	Coñece as regras de formación do xénero e do número e a clasificación semántica de substantivos.		
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Comprende as características dos textos orais.	TI	30
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza unha exposición oral breve de carácter persoal con fluidez, nun rexistro axeitado e manexando os recursos non verbais.		
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Recoñece as fases de elaboración, a estrutura e as características dos textos expositivos orais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	O alumnado acode á biblioteca escolar con motivo da celebración do Día da Biblioteca, selecciona unha obra de acordo coa preselección do profesorado e os seus gustos ou preferencias de lectura e explica o motivo da súa escolla.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e des-culpa.</li> <li>- Recoñecemento das linguas da Península Ibérica, especialmente do portugués, do éuscaro e do catalán.</li> <li>- Iniciación á reflexión interlingüística.</li> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa.</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.</li> <li>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.</li> <li>- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.</li> <li>- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector</li> <li>- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.</li> <li>- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.</li> <li>- Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.</li> <li>- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).</li> <li>- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Unidade 3: Somos diferentes, somos iguais	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Coñece a situación xeográfica das linguas de España e Portugal, coñece datos sobre a súa orixe e recoñece a área dialectal na que se insire a súa bisbarra. Recoñece os países que interan o espazo lusófono.	PE	70
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Comprende a estrutura e as características dos textos narrativos.		
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Recoñece castelanismos léxicos frecuentes en textos escritos e multimodais dados do ámbito persoal, social e académico e sabe substituílos pola forma galega correcta.		
CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Distingue e identifica a linguaxe icónico verbal da banda deseñada.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Recoñece o tema e pode resumir o argumento dunha secuencia narrativa (estereotipos e prexuízos a través de banda deseñada).		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado identifica, en textos dados e na obra de lectura obrigatoria, algúns trazos formais do xénero narrativo (narradores, personaxes, estrutura...).		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorpora, nun texto dado, palabras sinónimas e antónimas co obxectivo de evitar repeticións no discurso. Tamén sabe aplicar correctamente as regras de acentuación diacríticas e os casos especiais.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Localiza adxectivos (e substantivos) en textos narrativos e identifica cales son as categorías gramaticais predominantes.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	Coñece as regras de formación do xénero e do número do adxectivo, as súas clases e os graos da comparación.		
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	Detecta nun texto multimodal (viñeta) prexuízos e/ou estereotipos lingüísticos relativos á utilidade da lingua galega e expón, oralmente e nun debate, algún argumento para refutalos.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Emprega unha linguaxe inclusiva e non discriminatoria na súa exposición	TI	30
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Identifica en textos literarios e multimodais e contraargumenta oralmente e en grupo situacións de desigualdade, discriminación, prexuízos, etc. de tipo racial, sexista, lgtbifóbico, etc.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúde e despedida, agradecemento e des-culpa.</li> <li>- Recoñecemento das linguas da Península Ibérica, especialmente do portugués, do éuscaro e do catalán.</li> </ul>

## Contidos

- Os países lusófonos: localización, poboación, costumes... Coñecemento das primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Iniciación ao coñecemento do léxico.
- Iniciación á reflexión interlingüística.
- Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e exploración das formas de os evitar.
- Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.
- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Lectura con perspectiva de xénero.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
4	Unidade 4: Os trazos importantes	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado sabe identificar, en textos escritos, orais ou multimodais, as características das secuencias textuais descritivas (estrutura, tipos...).	PE	70
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Recoñece textos descritivos de tipo literario fronte ao non literario, argumenta a súa especificidade e identifica as súas características.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Sabe aplicar correctamente as regras de uso das letras B e V. Identifica e incorpora correctamente nos seus textos o léxico adquirido na unidade (o corpo humano, o coidado e a hixiene persoal).		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	Identifica o artigo e os determinantes demostrativos e posesivos e realiza correctamente as contraccións.		
CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Elabora unha descrición dunha persoa incorporando as características do xénero discursivo.	TI	30
